

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 19 DE OUTUBRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezanove de outubro de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte.- Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 13 de outubro de 2009 (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **1º.-INFORMACIÓN URBANÍSTICA.**

1.-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Antonio Losada Andreu**, con domicilio a efectos de notificación no apartado de correos nº 676, 03700, Denia (Alicante), con número de rexistro de entrada 5191. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 14.10.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Viña Grande, San Crsitovo (ref.catastral, Parcela 274, Polígono 11 (32070a011002740000YU), a solicitude de don Antonio Losada Andreu de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Enrique Veloso Pérez**, con domicilio na rúa Salgado Moscoso nº 3, con número de rexistro de entrada 5085. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 16.10.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito nas Chavolas 3, estrada N-120 P.k. 591,875 M.I. (ref.catastral, 002199400NG78F0001WI), a solicitude de don Enrique Veloso Pérez de xeito

que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

**3.-**“Solicitude de información urbanística interesada por **don Miguel Angel Pérez Garcia**, con domicilio a efectos de notificación en Santa Maria nº 9, Castrelo de Miño, con número de rexistro de entrada 5438. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 16.10.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Quinza (ref.catastral, Parcela 133, Polígono 14), a solicitude de don Miguel Angel Pérez Garcia de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

**4.-**Dase conta por parte do Secretario o escrito presentado por **don José Luis Míguez Martínez**, en calidade de Presidente do Ribadavia Atlético, relativo a utilización do Campo de Fútbol do Xestal.

Delibrado sobre o particular, La Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade dos seus membros informarlle do seguinte:

1º Non existe a día de hoxe ningún convenio formalizado para a utilización do campo de fútbol do xestal.O novo convenio aínda sen firmar recolle na súa cláusula 1 que o Ribadavia atletico ten uso preferente das instalacións e se reserva ao concello a utilización do campo.

2ª.Ademais o concello ten como máxima o apoio e promoción do deporte base,polo cal atendeu a petición das categorías inferiores do F.C.Ribiro para poder enternar e xogar os partidos oficiais da categoría de cadetes.En base a estos acontecementos o concello toma as seguintes decisións:

A)Acceder a petición das categorías inferiores do F.C.Ribeiro sempre que non interfiran na utilización preferente do campo que ten o Ribadavia Atletico, para o cal éste deberá presentar ante o concello un calendario cos seus entrenamentos e partidos oficiais.

B)Os cadetes do F.C.Ribeiro poderán entrenar sempre que as condicións do campo así o permitan de xeito que cando as condicións non sexan idoneas entrenarán no campode terra.

C)O Concello retraerá unha parte da subvenciónconcedida para o mantemento do campo ao Ribeiro.F.C e será compensado o Ribadavia Atletico polo mantemento do campo de fútbol do Xestal

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Deputación Provincial de Ourense, resultados dos análise de Potabilidade da Estación Depuradora da Franqueirán.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **A) OUTORGAMENTO LICENCIA DE APERTURA.-**

“Visto o escrito de dona Verónica Araujo Meiriño onde solicita Licenza de Obras e actividade para acondicionamento dun local para actividade de ludoteca .

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 19.10.09 no que se fan as seguintes consideracións:

**Vista a solicitude de referencia, considero oportuno informar o seguinte:**

**O Certificado Final de Dirección de Obra está firmado polo citado arquitecto técnico redactor do proxecto e director das obras, D. Alberto Rodríguez Rodríguez.**

**Respecto do cumprimento da normativa, aclaración solicitada polo Sr. Secretario do Concello, remítome ó Informe Técnico RIB/N/11.2/08, de data de 03 de xullo de 2008, do que se adxunta fotocopia.**

**Na visita de comprobación, realizada con data do 24 de setembro de 2009, obsérvase que o local se axusta ó citado Proxecto Técnico.**

**Por elo, informase favorablemente, sen prexuízo do disposto nos apartados a) e d) do Informe ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.**

Visto o Informe Técnico de data 03-07-09 no que se fan as seguintes consideracións:

**Visto o expediente de referencia, e coa finalidade de solicitar o Informe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, respecto do cumprimento da normativa, considero oportuno informalo seguinte:**

**O citado “*Proxecto de Execución para Adaptación de Local para unha ludoteca*” e o seu Anteprojecto, que se presentan están redactados polo arquitecto técnico D. Alberto Rodríguez Rodríguez, estando o seu cargo a Dirección da Execución Material das Obras e a Coordinación en Materia de Seguridade e Saúde.**

**Conta con Informe Favorable do Servizo de Protección da Saúde da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, de data de Rexistro de Saída de 18 de xuño de 2008**

**- Respecto da Normativa Urbanística. No Proxecto e Anteprojecto presentados cúmprese a Normativa Urbanística vixente no Concello de Ribadavia:**

**\* Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (D.O.G. nº 252 do 31-12-2002), modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.**

- \* **Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento das provincias de Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (D.O.G. nº 116 do 19-06-91).**
- \* **Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Ribadavia.**
  
- **Respecto da Accesibilidade. No Proxecto e Anteprojecto presentados xustifícase o cumprimento da Normativa relativa á Accesibilidade, contando co Informe Favorable do Servizo de Protección da Saúde da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade:**
  - \* **Lei 8/97 do 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. nº 166 do 29-08-1997).**
  
  - \* **Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento de execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. nº 41 do 29-02-2000).**
  
- **Respecto da Protección contra a Contaminación Acústica. No Proxecto e Anteprojecto presentados xustifícase o cumprimento da Normativa relativa á Contaminación Acústica:**
  - \* **Lei 7/97 de 11 de agosto de Protección contra a contaminación acústica (D.O.G. nº 159 do 20-08-1997).**
  - \* **Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Protección contra a contaminación acústica (D.O.G. nº 100 do 27-05-1999).**
  - \* **Decreto 320/2002, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre Protección contra a contaminación acústica (D.O.G.A. nº 230 do 28-11-2002).**
  - \* **Norma Básica NBE-CA-88 sobre as condicións acústicas nos edificios (Orde 29-09-88, B.O.E. 8-10-1988).**
  
- **Respecto da Protección contra Incendios nos edificios. No Proxecto e Anteprojecto presentados xustifícase o cumprimento do Código Técnico da Edificación – DB SI. Seguridade en caso de Incendio (R.D. 314/2006 do 17 de marzo, B.O.E. de 28-03-2006).**
  
- **Respecto da Seguridade de Utilización. No Proxecto e Anteprojecto presentados xustifícase o cumprimento do Código Técnico da Edificación – DB SU. Seguridade de Utilización (R.D. 314/2006 do 17 de marzo, B.O.E. de 28-03-2006).**
  
- **Respecto da Salubridade. No Proxecto e Anexos presentados xustifícase o cumprimento do Código Técnico da Edificación –**

**DB HS. Salubridade (R.D. 314/2006 do 17 de marzo, B.O.E. de 28-03-2006).**

- Respecto da Normativa Sectorial. No Proxecto e Anexos presentados xustificase o cumprimento do Decreto 354/2003, de 16 de setembro, polo que se regulan as ludotecas como centros de servizos sociais e se establecen os seus requisitos.

Visto o **Informe Xurídico** de data 16.10.2009, no que se fan as seguintes consideracións:

1º.- O art. 196 parágrafo 2º establece os supostos que esixan licenzia de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licenzia urbanística serán obxecto dunha soa resolución, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licenzia de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licenzia urbanística. Se procedese denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

2º.- Respecto da legalidade do outorgamento da licenzia de obras debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.

3º.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou encerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984), entendendo que as obras solicitadas se entenden como maiores considerando así o informe técnico.

4º.- O art. 196 parágrafo 2º establece os supostos que esixan licenzia de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licenzia urbanística serán obxecto dunha soa resolución, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licenzia de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licenzia urbanística. Se procedese denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

Por tanto aos efectos de eliminar calqueira posible responsabilidade patrimonial da administración, de acordo cos art. 139 e seguintes da Lei 30/92 de Procedemento administrativo común, parecería oportuno resolver previa ou no seu caso simultaneamente sobre a licenzia de apertura, con preferencia sobre a de obras, posto que de resolver favorablemente a licenzia de obras denegando posteriormente o outorgamento de licenzia de apertura produciríase un perxuízo para o particular derivado do actuar administrativo, do que a administración sería directamente responsable.

5º.- Aínda que do articulado da Louga e do Regulamento de servizos das entidades locais, non se deduza unha visita de comprobación previa antes do outorgamento da licenzia definitiva, non obstante para a correcta comprobación do cumprimento da

legalidade urbanística considero imprescindible a existencia da mesma, o cal podería ampararse nas chamadas “condiciones iuris” entendendo así a STS do 02/02/1989 “que con estas condiciones iuris, faise viable o outorgamento dunha licenza completando extremos dun proxecto non axustado á ordenación urbanística sendo de añadir que tales condicións deben ser introducidas por virtude das esixencias do principio de proporcionalidade, cando a acomodación da petición á legalidade aplicable resulte posible con facilidade e sen alterar a actuación pretendida”

6º.- A estes efectos como se deduce do informe técnico municipal de data de 19 de outubro de 2009, o local se asusta o proxecto técnico e anexo respecto do que se concederon a licenza provisional de actividade, aínda que en caso de ser necesaria algunha autorización sectorial, ésta deberá ser aportada pola solicitante antes do inicio da actividade.

## **CONCLUSIONES**

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

**Primeiro.-** Conceder licenza de legalización de obras a dona Verónica Araujo Meiriño para adaptación dun local para unha ludoteca, situada na Rúa Do Ribeiro, No. 53, Baixo.

**Segundo.-** Conceder Licenza definitiva de apertura a **dona Verónica Araujo Meiriño**, para actividade de ludoteca situada na Rúa Do Ribeiro, No. 53, Baixo.

**Terceiro.-** Para plena efectividade da licenza deberá procederse ao pago da liquidación da taxa por licenza de apertura xirada polo señor interventor cunha cuantía de 261.25 euros”, e en caso de ser precisa algunha autorización sectorial deberá ser aportada pola solicitante.

## **B) APROBACIÓN DE PROXECTO.-**

Dase conta por parte do Sr. Alcalde do proxecto denominado “ *Actuación pra mellora do espazo público na Rúa do Progreso de Ribadavia*” redactado polas arquitectas da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia: Mercedes Álvarez López, Begoña Arregui Rodríguez e Paula Alfonso Laya cun presuposto de execucion material de 60.915,50 € e cun total de presuposto de execución por contrata de 72.489,45€.

No expediente constan os seguintes documentos:

1º.-Acta de replanteo de data 16 de outubro de 2009 .realizada polas arquitectas da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia: Mercedes Álvarez López, Begoña Arregui Rodríguez e Paula Alfonso Laya.

2º Informe de Intervención no que se fan as seguintes consideracións:

**PRIMERO.-** El expediente que se propone para su aprobación versa sobre la autorización de un gasto, por un importe total de 84.087,76 euros y 44.027,30 euros, cuyo objeto es financiar las obras referenciadas en el epígrafe.

**SEGUNDO.-** Consta concesión de subvención por parte de la Diputación Provincial, en virtud de acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 2 de julio de 2009 con el siguiente tenor:

Mejora espacio publico en la calle progreso, por importe de 58.861,43 euros.

Mejora de espacio público de varias calles, por importe de 44.027,30 euros.

Por parte del Ayuntamiento se tramitó expediente de generación de créditos, por importe de 38.434,52 euros, incrementándose en esa cantidad la partida presupuestaria 43260100, con el objeto de hacer frente a la aportación municipal del Ayuntamiento, en concreto.

Mejora espacio publico en la calle progreso, por importe de 25.226,33 euros.

Mejora de espacio público de varias calles, por importe de 13.208,19 euros.

Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con las actuaciones que se pretenden llevar a cabo, se informa favorablemente.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Gobierno Local acorda por unanimidade dos seus membros a aprobación do proxecto denominado “*Actuación pra mellora do espazo público na Rúa do Progreso de Ribadavia*”, cun presuposto de execución material de 60.915,50 € e cun total de presuposto de execución por contrata de 72.489,45€.

### **C) APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.-**

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do procedemento negociado sen publicidade de “*Actuación para a mellora do espazo público na rúa Progreso*”. No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Proxecto de data xullo do 2009 denominado “*Actuación para a mellora do espazo público na rúa Progreso*“ elaborado polas arquitectas da Oficina de Rehabilitación do casco histórico de Ribadavia dona Mercedes Álvarez López, dona Begoña Arregui Rodríguez e dona Paula Alfonzo Laya.

2º- Proposta de alcaldía de data 16.10.09 en cumprimento do art. 22 da Lei 30/2007.

3º- Acta de replanteo de data 16 de outubro do 2009 e realizada polas arquitectas redactoras dona Mercedes Álvarez López, dona Begoña Arregui Rodríguez e dona Paula Alfonzo Laya.

4º- Informe de Secretaría de data 16.10.09 no que se fan as seguintes consideracións:

*1ª. De conformidade cos artigos 107 e 126 e seguintes da Lei de Contratos , no expediente debe constar o correspondente proxecto que en determinados casos se poderá simplificar de acordo co art. 107.2º de Lei 30/2007,pero que en ningún caso se poderá substituir o proxecto por unha memoria. Consta a correspondente acta de replanteo de data 15.09.08 comprobando a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos para a súa execución.*

2ª. No expediente consta o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que cumpre os requisitos da normativa contractual, a xuízo desta Secretaría.

3ª. Antes da adopción do acordo polo órgano competente, procede á emisión de informe de existencia de consignación orzamentaria, sen prexuízo da fiscalización de legalidade por parte da Intervención municipal de acordo co art. 93 da Lei 30/2007.

4ª. A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para proceder á aprobación do expediente de contratación conforme ao establecido no Decreto de Delegación de competencias de Alcaldía en Xunta de Goberno.

5ª. Unha vez aprobado o expediente de contratación, procederase á invitación de tres empresas sen que sexa necesaria a publicación nos BO pertinentes de conformidade co artigo 161.2º ao ser o contrato de cuantía inferior a 200.000 euros., e sen perxuízo da publicación do artigo 126.4º.

6ª. De conformidade co art. 295 parágrafo 1º nos procedementos negociados que esixan publicidade será preceptiva a constitución da mesa de contratación, polo cal no caso concreto é potestativa.

7ª. En principio procedería á publicación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de conformidade co artigo 122 do T.R.R.L. en relación coa STS de 22-06-04, non obstante, a nova Lei 30/2007 deroga expresamente o art. 122 do TRRL de xeito que os pregos non son obxecto de publicación

#### **CONCLUSIÓNS.-**

Infórmase favorablemente en canto á legalidade do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no referido á inclusión da correcta documentación no expediente de contratación.

5º- Informe de intervención de data 16.10.09 no que se fan as seguintes consideracións:

6º.- Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 16.10.09.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1º.- Aprobar o expediente de contratación conforme as previsións dos artigos 93 e disposición adicional 2º da L.C.S.P..

2º.- Aprobar un gasto por importe de €.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, abrir a fase de licitación mediante invitación a tres empresas e publicación no perfil do contratante.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO